

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E EMPRESA

4906 *Real decreto 164/2019, do 22 de marzo, polo que se establece un réxime gratuíto de contas de pagamento básicas en beneficio de persoas en situación de vulnerabilidade ou con risco de exclusión financeira.*

A Directiva 2014/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a comparabilidade das comisións conexas ás contas de pagamento, o traslado de contas de pagamento e o acceso a contas de pagamento básicas, establece o dereito de acceso xeral de toda persoa a unha conta de pagamento básica e tamén que os Estados membros poidan requirir ás entidades de crédito que apliquen condicións máis vantaxosas para os consumidores vulnerables, como medidas de promoción da inclusión social dentro do mercado de produtos financeiros da Unión Europea. A dita directiva delimita o conxunto de servizos incluídos na conta de pagamento básica e queda a criterio dos Estados membros a determinación concreta das comisións asociadas a esta.

A transposición desta directiva dentro do ordenamento xurídico español iniciouse mediante o Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, de contas de pagamento básicas, traslado de contas de pagamento e comparabilidade de comisións. No dito real decreto lei o sistema artículase en dous niveis de comisións: un primeiro nivel xeral en que os clientes teñen que aboar unha comisión mensual máxima que remunere a entidade polos custos que ten que soportar e un segundo nivel con condicións máis vantaxosas para aquel colectivo en situación de vulnerabilidade ou con exclusión financeira, que se articula por medio deste real decreto, no que se opta pola gratuidade.

Respecto ao primeiro nivel xeral de comisións máximas para as contas de pagamento básicas, a Orde ECE/228/2019, do 28 de febreiro, fíxao en 3 euros mensuais, o que inclúe as operacións máis habituais: apertura, utilización e peche de conta, depósito de fondos en efectivo en euros, retiradas de diñeiro en efectivo en euros nas oficinas ou caixeiros automáticos da entidade situados en España ou noutros Estados membros da Unión Europea, operacións de pagamento mediante unha tarxeta de débito ou prepagamento, incluídos pagamentos en liña na Unión Europea e até 120 operacións de pagamento anuais en euros dentro da Unión Europea consistentes en cargos domiciliados ou transferencias. Ademais, a orde establece que as comisións polas operacións que excedan as 120 antes mencionadas non poderán ser superiores en cómputo anual ás comisións ou gastos medios que aplique a entidade para cada tipo de operación. Por último, a dita orde clarifica que a entidade poderá repercutir ao cliente as comisións incorridas por retirada de efectivo en caixeiros doutra entidade, conforme a disposición adicional segunda do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira.

Desde que entrou en vigor o Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, as entidades financeiras deben ofrecer contas de pagamento básicas. Porén, non se definiu un réxime específico de acceso a este tipo de contas para os consumidores máis vulnerables que, por esta razón, quedan excluídos do acceso a uns servizos financeiros que se consideran esenciais para poder participar na actividade económica. O artigo 9.4 do dito real decreto lei establece que se poderán establecer regulamentariamente distintos réximes de condicións máis vantaxosas en materia de comisións en función da especial situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira dos potenciais clientes. Este real decreto dá cumprimento ao dito precepto e establece os requisitos para que o colectivo de poboación máis vulnerable poida acceder a estas contas de forma gratuíta pola recepción dos servizos especificamente sinalados no artigo 4.2 da Orde ECE/228/2019, do 28 de febreiro, e aos cales nos referimos no parágrafo anterior. Para outros servizos, seguen sendo de aplicación as limitacións establecidas na dita orde.

Á hora de determinar o colectivo de persoas que se benefician da gratuidade habería que destacar que as condicións previas son, dun lado, o cumprimento coas condicións establecidas no artigo 3 do Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, e, doutro, que non se dea algunha das causas de denegación do artigo 4 da mesma norma, unha das cales é ser titular dunha conta de pagamento que lle permita realizar os servizos recollidos no artigo 8.1 do real decreto lei e desenvolvidos no artigo 4.2 da Orde ECE/228/2019, do 28 de febreiro.

Unha vez cumpridos estes requisitos, para a determinación concreta do colectivo beneficiario da gratuidade dentro do colectivo dos beneficiarios das contas de pagamento básicas, optouse por empregar dous indicadores de riqueza. En primeiro lugar, emprégase o indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) referido á unidade familiar, de maneira que un nivel de renda inferior ao limiar determina a gratuidade da conta de pagamento básica para os membros da unidade familiar maiores de idade ou menores de idade emancipados legalmente. A elección da unidade familiar como referencia para computar a renda é fundamental para asegurar que a gratuidade se aplica de forma coherente co principio de capacidade de pagamento, sen prexuízo de que a solicitude de gratuidade da conta de pagamento básica sexa un dereito que debe ser exercido individualmente.

En segundo lugar, tense en conta tamén o patrimonio distinto da vivenda habitual ou os dereitos reais sobre esta, de modo que non se considerará que concorre situación de especial vulnerabilidade cando algún dos membros da unidade familiar é titular de sociedades mercantís, bens inmoables ou dereitos reais sobre estes.

Tanto a escala de rendas que hai considerar como o concepto de unidade familiar e o uso do patrimonio excepto a vivenda habitual para determinar o colectivo en situación de vulnerabilidade ou en risco de exclusión financeira baséanse na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.

Outra das cuestións que se abordan neste real decreto é a forma de acreditar o nivel de renda e a composición da unidade familiar, aspectos estes nos cales resulta clave simplificar a súa aplicación real, facendo descansar a comprobación da información necesaria para completar a información na entidade, cando resulte tecnicamente factible o acceso telemático.

Este real decreto consta de sete artigos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras. No articulado abórdase o seu obxecto, o seu ámbito de aplicación, o concepto de gratuidade da conta de pagamento básica, a delimitación da situación especial de vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira, a súa acreditación, a información ao cliente do acceso á gratuidade, a duración das condicións de gratuidade e as obrigacións de conservación da documentación para acreditar algúns destes aspectos.

Pola súa vez, respecto ás disposicións adicionais, a primeira outorga a este real decreto o carácter de norma de ordenación e disciplina. A segunda establece a suxeición das normas deste real decreto ao sistema de resolución extraxudicial de conflitos no ámbito financeiro. A terceira nace da necesidade de valorar a efectividade do réxime de contas de pagamento básicas e a súa gratuidade para garantir a inclusión financeira dos colectivos máis vulnerables e realizar, se for necesario, os axustes oportunos. Para isto, dáse mandato ao Ministerio de Economía e Competitividade para que elabore un informe que avalíe o acceso ás contas de pagamento básicas e a definición de situación de especial vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira, co fin de, se for o caso, elaborar propostas normativas de mellora do marco normativo aplicable.

A disposición transitoria, pola súa parte, establece as fontes de verificación da titularidade real de sociedades até a creación do Rexistro Único de Titularidades Reais por parte do Ministerio de Xustiza.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, exige que as normas respondan aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. En canto ao principio de necesidade, este real decreto constitúe o instrumento requirido para determinar

que debe entenderse por situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira e beneficiarse da gratuidade da conta de pagamento básica.

A eficiencia da regulación introducida queda asegurada na medida en que este real decreto non impón carga administrativa adicional na definición do colectivo de persoas vulnerables máis alá do razoable ao dar cumprimento ao precepto que se desenvolve. Neste sentido, debe destacarse a posibilidade que se dá á entidade de obter por medios telemáticos a información necesaria para aceptar ou denegar unha solicitude de gratuidade dunha conta de pagamento básica.

Respecto do principio de proporcionalidade, debe sinalarse que esta norma mantén un equilibrio entre o establecemento da gratuidade e o seu alcance, de carácter limitado ao colectivo formado polas persoas para as cales realmente o dito beneficio resulta esencial. Prescindir de forma completa do instrumento da gratuidade resultaría lesivo e ineficiente na consecución do obxectivo de inclusión financeira; do mesmo modo, estender a gratuidade máis alá do colectivo que realmente o necesita, do colectivo vulnerable, constituiría unha inxerencia innecesaria e desproporcionada en termos de impacto respecto do logro do obxectivo perseguido.

Así mesmo, a norma asegura o principio de seguridade xurídica ao deseñar un marco de aplicación con regras claras na determinación precisa dos casos de vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira, dentro do marco que prevé o Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, como norma habilitante.

Na tramitación deste real decreto deuse audiencia ás comunidades autónomas e á Federación Española de Municipios e Provincias. Así mesmo, a Axencia Española de Protección de Datos e o Consello de Consumidores e Usuarios emitiron informe sobre el.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Empresa, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de marzo de 2019,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto establecer un réxime de condicións das contas de pagamento básicas establecidas polo Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, máis vantaxoso en materia de comisións en función da especial situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira dos titulares das ditas contas, consistente na gratuidade dos servizos sinalados en artigo 4.2 da Orde ECE/228/2019, do 28 de febreiro, sobre contas de pagamento básicas, procedemento de traslado de contas de pagamento e requisitos dos sitios web de comparación.

Artigo 2. *Gratuidade da conta de pagamento básica.*

1. A entidade de crédito non poderá exixir a comisión establecida no artigo 4.2 da Orde ECE/228/2019, do 28 de febreiro, pola prestación dos servizos sinalados no dito número e cos límites previstos no antedito artigo 4, cando todos os titulares e autorizados dunha conta de pagamento básica se encontren na situación especial de vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira sinalada no artigo 3 e así se recoñecese de conformidade co previsto neste real decreto.

2. O cliente poderá solicitar á entidade de crédito o recoñecemento do dereito a que se refire o número anterior unha vez que estea incurso na situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira. Os efectos do dito recoñecemento produciranse a partir da data de solicitude do cliente á entidade de crédito.

Artigo 3. *Situación especial de vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira.*

1. Entenderase que un cliente se encontra en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión financeira cando:

a) Os ingresos económicos brutos, computados anualmente e por unidade familiar, non superen os seguintes limiares:

1.º Dúas veces o indicador público de renda de efectos múltiples de doce pagas, vixente no momento de efectuar a solicitude, cando se trate de persoas non integradas en ningunha unidade familiar.

2.º Dúas veces e media o dito indicador cando se trate de persoas integradas nalgunha das modalidades de unidade familiar con menos de catro membros.

3.º O triplo do dito indicador cando se trate de unidades familiares integradas por catro ou máis membros ou que teñan recoñecida a súa condición de familia numerosa de acordo coa normativa vixente.

4.º O triplo do dito indicador cando se trate de unidades familiares que teñan no seu seo unha persoa con grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento recoñecido oficialmente por resolución expedida polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais ou polo órgano competente das comunidades autónomas.

b) Non concorran titularidade, directa ou indirecta, ou dereito real ningún sobre bens inmobles, excluída a vivenda habitual, nin titularidade real de sociedades mercantís, por parte de ningún dos membros que integren a unidade familiar.

2. Para a determinación do concepto de unidade familiar nas súas diversas modalidades observárase o establecido no artigo 82 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, ben que, para os efectos do disposto neste real decreto, terán a mesma consideración que os cónxuxes non separados legalmente as parellas de feito constituídas de conformidade cos requisitos que lles fosen exixibles.

Artigo 4. *Acreditación da vulnerabilidade ou o risco de exclusión financeira.*

1. A concorrencia das circunstancias explicitadas no artigo 3 en todos os titulares e autorizados na conta acreditarase mediante a achega polo cliente á entidade de crédito correspondente da seguinte información de todas as persoas que conforman a unidade familiar a que se refire o artigo 3.2:

a) Número de persoas que compoñen a unidade familiar, para cuxa acreditación se achegará o libro de familia ou documento acreditativo da inscrición como parella de feito.

b) Percepción dos ingresos polos membros da unidade familiar, para cuxa acreditación cada un dos seus membros achegará algún dos seguintes documentos:

1.º Certificado de rendas e, se for o caso, certificado relativo á presentación do imposto de patrimonio, expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou o órgano competente da comunidade autónoma, con relación ao último exercicio tributario.

2.º Últimas tres nóminas percibidas.

3.º Certificado expedido pola entidade xestora das prestacións ou subsidios por desemprego, en que figure a contía mensual percibida polos ditos conceptos.

4.º Certificado acreditativo dos salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas e as entidades locais.

5.º En caso de traballador por conta propia, o certificado expedido polo órgano xestor en que figure a contía mensual percibida se estiver percibindo a prestación por cesamento de actividade.

2. Cando non se dispoña da documentación a que fai referencia o número 1, o cliente deberá achegar un informe en que se indique a composición da unidade familiar ou en que se motive a idoneidade para o acceso á gratuidade dunha conta de pagamento básica, segundo o caso. Este informe será emitido polos servizos sociais do concello en que estea empadroado o cliente.

3. A entidade de crédito poderá solicitar ao cliente a autorización para obter por medios telemáticos:

a) A información sinalada no número anterior da Administración competente, sempre que a dita Administración teña dispoñible este servizo de obtención telemática de información.

b) A ausencia da titularidade, directa ou indirecta, de dereitos reais sobre bens inmoables, excluída a vivenda habitual e da titularidade real de sociedades mercantís mediante:

1.º Nota simple negativa de localización en que conste que non é titular de dereitos reais obtida a través do Ficheiro localizador de titularidades inscritas (Floti).

2.º Certificación negativa da titularidade real de sociedades mercantís obtida a través do Rexistro Único de Titularidades Reais do Ministerio de Xustiza.

O custo da obtención da información a que se refire este punto non poderá ser repercutido de ningunha forma ao cliente pola entidade de crédito.

4. O recoñecemento ou a denegación da condición de gratuidade comunicarase ao cliente, por escrito e de maneira gratuíta, no prazo máximo de trinta días desde a data da achega completa polo cliente da información sinalada no número 1. Entenderase que a entidade de crédito recoñece a gratuidade unha vez transcorrido ese prazo sen ter remitido comunicación ao cliente.

O escrito incluirá a información do dereito do cliente a presentar unha reclamación contra a denegación, conforme o previsto na disposición adicional segunda.

Artigo 5. *Información ao cliente das condicións de recoñecemento da gratuidade.*

A entidade de crédito incluirá información relativa ás condicións para obter o recoñecemento da gratuidade da conta de pagamento básica por parte das persoas que se encontren en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira, conforme o recollido nos artigos 3 e 4, dentro da información prevista no artigo 10 do Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, e no artigo 8 da Orde ECE/228/2019, do 28 de febreiro, sobre contas de pagamento básicas, procedemento de traslado de contas de pagamento e requisitos dos sitios web de comparación, e informará os clientes sobre as ditas condicións no momento da contratación da conta de pagamento básica.

Artigo 6. *Duración da condición de gratuidade.*

1. A gratuidade da conta de pagamento básica manterase durante o período de dous anos contado desde a data dos efectos do seu recoñecemento, salvo que a entidade poida acreditar que o cliente deixou de estar dentro do colectivo de vulnerabilidade ou con risco de exclusión financeira.

Con dous meses de antelación á conclusión deste período, a entidade de crédito poderá obter telematicamente, conforme o artigo 4.3, ou, cando non resulte posible, solicitará do cliente que actualice a información sinalada no artigo 4, que deberá achegala á entidade no prazo dun mes desde a recepción da solicitud.

2. Acreditado o mantemento da situación de especial vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira prevista no artigo 3 no prazo sinalado no número anterior, a gratuidade prorrogarase por sucesivos períodos de dous anos.

3. Transcorrido o prazo sinalado no número 1 sen que puidese obterse a información sinalada no artigo 4 ou constatada a falta de concorrencia dalgunha das circunstancias sinaladas no artigo 3, o cliente perderá o dereito á gratuidade da conta de pagamento básica.

4. A entidade de crédito informará o cliente, con polo menos quince días de antelación á finalización do prazo de dous anos a que se refire o número 1, da prórroga da gratuidade da conta de pagamento básica ou da perda de tal dereito de conformidade co previsto no número 3.

Artigo 7. *Conservación documental.*

1. Co obxecto de verificar o seu cumprimento, as entidades de crédito conservarán, de conformidade co establecido no artigo 30 do Código de comercio, durante un prazo mínimo de 6 anos, a documentación sinalada nos artigos 4, 5 e 6, con independencia de se a condición de gratuidade da conta se recoñeceu ou non.

2. O cómputo do prazo sinalado no número anterior iníciarase desde que a condición de gratuidade fose denegada ou desde o momento da finalización da condición gratuíta da conta en caso de que fose aceptada.

Disposición adicional primeira. *Normas de ordenación e disciplina.*

As disposicións contidas neste real decreto terán a consideración de normas de ordenación e disciplina.

Disposición adicional segunda. *Suxeición ao sistema de resolución de litixios no ámbito financeiro.*

1. As queixas e reclamacións que presenten os clientes que estean relacionadas cos seus intereses e dereitos legalmente recoñecidos e que deriven de presuntos incumprimentos polas entidades de crédito das disposicións deste real decreto serán resoltas conforme o previsto na disposición adicional primeira da Lei 7/2017, do 2 de novembro, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/11/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativa á resolución alternativa de litixios en materia de consumo.

2. O resto de entidades acreditadas conforme o disposto na Lei 7/2017, do 2 de novembro, que dean cobertura a reclamacións de consumo de todos os sectores económicos poderán coñecer igualmente deste tipo de litixios, sempre que ambas as partes se sometesen voluntariamente á súa competencia.

Disposición adicional terceira. *Informe de avaliación.*

No prazo de 12 meses a partir da entrada en vigor deste real decreto, o Ministerio de Economía e Empresa realizará un informe no cal se avalíe o acceso ás contas de pagamento básicas e a definición de situación de especial vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira, co fin de, se for o caso, elaborar propostas de mellora do marco normativo aplicable.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio para a obtención de certificación negativa da titularidade de sociedades mercantís.*

Mentres non se cree o Rexistro Único de Titularidades Reais do Ministerio de Xustiza, a autorización para obter a información a que se refire o artigo 4.3.b).2.º poderase referir ao Rexistro de Titularidades Reais do Colexio Oficial dos Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España ou á Base de Datos de Titularidades Reais do Consello Xeral do Notariado.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación mercantil, bases da ordenación de crédito, banca e seguro, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de marzo de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Economía e Empresa,
NADIA CALVIÑO SANTAMARÍA